

ACTA ASEMBLEA ORDINARIA 28/06/2024

Acta da Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada en Vigo o vinte e oito de xuño de 2024, ás 16:30 horas en primeira convocatoria e ás 17:00 horas en segunda, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

ASISTENTES	ESTAMENTO
1. D. Andrés Senra Pregal	Club Atl. Novás
2. D ^a . María Teresa Aller Gude	Club Balonmán Lalín
3. D ^a . Ángeles Piñeiro Soliño	Club Bm. Seis do Nadal
4. D. Pablo A. Rodríguez Castro	Club Bm. Tui
5. D. José Francisco Armesto Pin	Club Bm. Reconquista de Vigo
6. D. José Antonio Rodríguez Fraga	Club EBM. Xiria
7. D. Manuel Castro Otero	Club Bueu Atl. Bm.
8. D. Jesús López González	Club Balonmán Atl. Guardés
9. D. Iago Garrido Villar	Club Poio Artai
10. D ^a Monserrat Rey Salorio	Club Bm. Atlántico
11. D. Ismael Lago Rodríguez	Club Bm. Cañiza
12. D. Francisco Javier Abalde Caride	Club UB. Lavadores
13. D. Óscar Allegue Iglesias	Club Bm. Pontedeume
14. D. Ezequiel Álvarez Castro	Club Bm. Ribadosar
15. D ^a Lidia Rodiles García	Club San Tirso SD
16. D. Abel Estévez Carrera	Club Bm. Porriño
17. D ^a Yolanda Rodríguez Vaqueiro	Club Bm. Caselas
18. D ^a María Irene Vilaboa Fernández	Club Bm. Moaña
19. D. Emilio Pintos Soto	Club SD. Teucro
20. D ^a Rita Couñago Míguez	Club Sociedad Atlética de Redondela
21. D. Santiago Picallo Búa	Club Cisne Bm.
22. D. Adrián Mendiña Guitiérrez	Club Bm. Cangas
23. D. Adrián Pumar Alonso	Club Bm. Luceros
24. D ^a María González Lago	Club Bm. Chapela
25. D. Vicente Rúa Santos	Club AD. Carballal
26. Constantino Vila Feijoo	CP Lucense
27. David Rodríguez Pérez	ADC Descubriendo Lugo
28. D. Anxo Otero Sieiro	Adestrador
29. D. Jairo Bello Vidal	Adestrador
30. D. David Iglesias Freire	Xogador
31. D. Pablo M. Barreiro Suárez	Árbitro

O presidente, Bruno López, seguindo coa orde do día, da a benvinda a todas as persoas asembleístas e explica o formato e funcionamento da asemblea para os novos membros,

solicita permiso para que poidan entrar na asemblea os clubs non asembleístas: Balonmán Ribeira, Asmubal Meaño, As Choqueiras de Redondela e Samertolameu, ao que ninguén se opuxo.

O presidente insistiu na importancia de acudir á asemblea, e destaca as ausencias de varios clubs doutras provincias ao igual que a presenza dun único representante do estamento de xogadores/as, di que isto merece unha reflexión, que non pode ser un problema atopar a un/unha representante que acuda a asemblea a estas alturas da tempada, xa que o foro onde se poden mellorar as cousas é ese.

Deste xeito, da comezo co primeiro punto da orde do día, o informe do presidente:

- Seleccións Galegas.

O presidente fai balance dos resultados no CESA e fai fincapé no subcampionato de España acadado polo combinado infantil feminino, pero deixa claro que o rendemento deportivo está por debaixo do esperado, insiste en que foi un CESA con moitos problemas, no que máis do 50% da expedición estivo enferma durante o evento, pero Galicia ten que dar un paso máis para pelexar polo podio en todas as categorías..

- Competicións.

Ao fío dos resultados das seleccións galegas, o presidente comenta que van na liña dos resultados dos clubs nos sectores nacionais, di que as nosas competicións a medida que aumenta a categoría precisan de máis competitividade e máis equipos na loita polo título. O presidente aproveita para felicitar a A.D. Carballal polo ascenso á División de Honra Ouro, ao Balonmán Cangas pola permanencia, ao Balonmán Porriño por acadar o obxectivo europeo, ao Atlético Guardés por manter o nivel durante tantos anos e ao Atlético Novás e ao Cisne Balonmán por estar a un paso da Liga Asobal, ao mesmo tempo, destaca que o Balonmán Cangas, a A.D. Carballal, e o Club Cisne se clasificaron para o Top 8 en categoría Infantil masculina, xuvenil feminina e cadete masculina respectivamente. Con respecto á Primeira Nacional Bruno López comentou a necesidade de incrementar o nivel e para iso a única opción é reducir os grupos e tratar de conseguir que haxa menos equipos na categoría, e de que as axudas se incrementen acorde aos gastos da competición.

Comentou que as Final 4 foron un éxito en todos os aspectos, xa que todas se celebraron en lugares distintos da xeografía galega, todas supuxeron un beneficio económico para o club organizador e todas e cada unha delas tiveron un cheo absoluto, co impacto promocional que iso supón. Dende a xunta directiva houbo un debate interno sobre a posibilidade de cambiar o formato e tratar de que a Final 4 a xoguen os catro primeiros calificados de liga, pero chegouse á conclusión de que era mellor non tocar o que estaba a funcionar. Iso si, o presidente insistiu en que o traballo que están a facer os clubs no día a día, e tamén na organización de eventos non se traducen no valor das cotas nin nas entradas que están a cobrar; polo tanto todos e todas debemos entender que un

equipo organizador cobre entrada nunha Final 4, xa que é un paso máis para que se valore o traballo que se está a facer.

Tamén se comentou que algún club transmitiu que lle gustaría recibir o trofeo de campión de liga diante da súa afección e no momento de acadar deportivamente o mérito; pero que tras valorar as diferentes posibilidades é algo moi difícil, xa que houbo varios casos nos que na mesma xornada había varios equipos con posibilidades de quedar campión en diferentes puntos de Galicia e en diferentes categorías, o cal loxísticamente é inasumible. Por outra banda comenta que o debate de que o primeiro clasificado teña que recoller o seu premio na Final 4 é algo que xa está superado dende hai tempo, que case todos os clubs asumen con total normalidade e co que deberíamos concienciar aos xogadores e xogadoras.

- Actividades Federación Galega de Balonmán.

O Presidente comentou que ademais das diferentes competicións, dende a FGBm asumíuse a organización de:

- 7 Final 4
- 2 Partidos de España absolutos: España-Serbia en Lalín e España-Azerbaián en Porriño, aproveita para agradecer a súa implicación ao Balonmán Lalín e ao Balonmán Porriño, xa que grazas a eles a imaxe do balonmán galego foi espectacular.
- 1 eliminatoria con 36 equipos alevíns e benxamíns.
- 1 Fase Final de Copas Federación Sénior.
- 2 Probas da Xira Galega de Balonmán Praia (restan dúas máis e a Fase Final).
- 7 Probas da Copa 5x5 de Balonmán na Rúa Deputación da Coruña e a semana próxima, durante toda a semana celebrarase a Copa 5x5 de Balonmán na Rúa Deputación de Pontevedra.

A conclusión é que a estrutura da federación está a asumir un volume importante de eventos para mellorar a visibilidade e a promoción do noso deporte, que coa colaboración dos clubs está a dar grandes resultados; xa que a día de hoxe a Federación Galega de Balonmán é a segunda federación de España con máis licenzas, por detrás de Cataluña.

Bruno López insiste en que o balonmán praia supón un desgaste importante a nivel material, económico e de recursos humanos, xa que a Mancomunidade de Concellos do Morrazo deixou de aportar os 45.000€ que viña aportando para a Xira Galega, e a federación está a asumir toda a organización, algo que non fai ningunha outra territorial, nas demais comunidades os equipos asumen a montaxe, as arbitraxes, a organización e pagan o delegado/a federativo/a. O futuro do balonmán praia en Galicia deberá ir a un formato híbrido asumindo a organización dalgunhas probas a propia federación e outra os clubs.

- Situación estrutural.

O presidente comenta que nestes momentos, a federación conta con oito persoas xornada completa e unha xunta directiva moi activa, formada por quince persoas, e aínda así o nivel de actividade e o número de eventos organizados dende a FGBm fan que non sempre sexa suficiente. Comenta que no mes de xuño produciuse a baixa definitiva de Ana Alonso por iniciativa propia, xa que Ana é analista de vídeo da selección absoluta feminina e o combinado ten moita actividade este verán, Ana non rematou de ter nunca unha continuidade dentro da federación por mor dos múltiples compromisos coa federación española, e coa alta actividade da Federación Galega de Balonmán e da RFEBM, decidiu que o mellor era cambiar de aires e apostar pola vertente nacional. No mesmo mes, Patricia Sanmiguel caeu de baixa por maternidade, o que impide que se atope presente na asemblea. Para paliar o efecto destas dúas baixas incorporouse a Gerard Conill, que sobre todo leva o peso na área de balonmán praia.

Bruno López, insiste en que nestes momentos o ambiente e o grupo de traballo é in mellorable, a implicación e a versatilidade dos traballadores e traballadoras da federación é o que fai posible que se realice toda a actividade que se está a asumir, nestes momentos o grupo laboral da FGBm está composto por: Carla Abad (que se atopa en Suíza dentro do Staff técnico da Selección Nacional Júnior), Patricia Sanmiguel (de baixa por maternidade), Alberto Rodríguez, Alberto Prieto, Carlos Rodríguez “, Anxo Otero, Catarina Adao e Gerard Conill.

- Asemblea RFEBM.

Bruno López comentou que a asemblea da RFEBM tivo lugar en Santander o 15 de xuño, que foi unha asemblea moi tranquila onde dende Galicia se votou en contra do balón sin pega en categorías xuvenís, que tamén se pretendía levar unha proposta de redución do número de grupos da Primeira Nacional pero non deu tempo. Os cambios máis relevantes no balonmán nacional foron:

- A obrigatoriedade de titulación nacional para axudantes de adestrador/a en Iberdrola e Asobal, e en Prata masculina e Ouro feminina para a tempada 2025-26.
- A aclaración da situación con Asobal, onde o CSD tivo que enviar un convenio de coordinación entre a RFEBM e Asobal para determinar as competencias de cada entidade. Nestes momentos, Asobal aínda non sacou o calendario de competición, o cal provoca que o da FGBm se condicione ás posibles modificacións que poida sufrir a proposta da RFEBM.
- As noticias que chegan, fan presaxiar a invitación do Bm. Culleredo a Primeira Nacional (último clasificado) e varias vacantes en Prata Feminina, isto é algo que dende a FGBm non se comparte, a pesar de crer que o Bm. Culleredo é un proxecto viable para a Primeira Nacional, non é bo que ninguén descenda nin

que todos os anos se convida a ascender sen a consecución de méritos na pista; isto baixa o nivel e rompe as competicións autonómicas.

- Proxectos a curto prazo

O presidente confirmou a intención de levar o formato do 5X5 por toda Galicia; foi a medida de promoción mais eficaz que recorda en moito tempo; en todos os lugares onde se levou a cabo houbo novos/as practicantes, escola ou club.

A federación ten intención durante estes case catro anos, de por en marcha un proxecto de formación para directivas e clubs; un proxecto ambicioso que estamos seguros/as de que será pioneiro no balonmán e no panorama nacional.

Bruno López, insiste en que se seguirá apostando pola profesionalización dos clubs a través do Plan Corresponsables e das Esolas da Deputación de Pontevedra, a intención é crear postos de traballo de calidade que nos proporcionen a creación de escolas e promoción nos colexios polas mañás.

Dende a Federación Galega de Balonmán se está a intentar abrir portas nas deputacións de Lugo e Ourense, pero non está a ser doado que aposten polo balonmán.

Por outra banda, a FGBm iniciou este ano unha actividade comercial coa xestión do Tira Resinas, que está a ter gran acollida a nivel nacional e internacional, onde menos se comercializou curiosamente foi en Galicia.

Unha vez rematado co informe do presidente, pásase á votación das propostas.

APROBACIÓN DAS CONTAS, SE PROCEDE, DO ANO 2023 .

Bruno López comenta que os asembleístas xa teñen no seu poder a memoria económica dende fai días, por iso vai tratar de explicar por enriba as conclusións máis relevantes da mesma e que si alguén ten algunha dúbida, realice as preguntas pertinentes para aclarala.

O presidente insiste na necesidade de recuperar o resultado negativo do exercicio do ano 2022, algo que se acadou neste ano con + 44.903,02€, pero o fondo de manobra segue a estar en negativo en -24.065,21€ por mor de varios gastos imprevistos entre os que se atopan: a indemnización dunha das antigas traballadoras, a asunción dos costes derivados da lesión dunha deportista coa anterior compañía e que rematará no xuzgado, dúas reparacións importantes de furgonetas, etc..., todos eses gastos valorados en máis de 50.000€. Posteriormente o presidente realiza unha análise do balance de situación da FGBm.

Bruno López comenta que cada vez se está a xerar máis financiación para os eventos e para as seleccións galegas, que nesta última parcela hai que controlar o gasto xa que o investimento foi moi grande; agora mesmo o ano 2024 está a transcorrer ben economicamente pero non se poden confiar e se debe rematar cun fondo de manobra que permita ter máis estabilidade.

A FGBm ten previsto, nos próximos meses realizar un plan de axuste para axudar a mellorar o resultado do exercicio, consistente en: incrementar a financiación privada, ter un maior control no investimento dende a área técnica, xa se realizaron axustes de persoal, pretendese ter un aumento notable da actividade comercial e xa se cambiou a estratexia financeira acolléndose á prorrata xeral de dedución de IVE.

Con isto, e ante a ausencia de preguntas, procédese á votación das propostas:

PROPOSTA 1: Aprobación, se procede das contas anuais 2023.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 30 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 2.1: "Súper Copa Galicia Masculina".

Bruno López comenta que no propio dossier de propostas vai unha explicación de cada unha delas, por iso por parte da federación se vai dar unha breve explicación e si alguén ten dúbidas, antes de votar, se aclaran sen problema.

Neste caso o presidente aclara o cambio de formato cunha semifinal entre os equipos de Prata masculina e clasificando para a Final do día 25 de agosto contra o Balonmán Cangas.

O representante do Club Cisne propón que se valore levar o encontro de eliminatoria a un lugar onde se poida promocionar o balonmán, onde non haxa tanta tradición; o representante do Atlético Novás comenta que prefire xogar en casa e Bruno López di que a proposta está así, para que o partido se xogue na sede do peor clasificado na tempada anterior e que habendo discrepancias por parte dos clasificados non van modificar a proposta, sométese a votación.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 29 votos a favor e 1 abstención.

PROPOSTA 2.2: Copa Galicia Masculina.

Bruno López comenta o formato e o representante das Escolas Balonmán Xiria pregunta se habería posibilidade de meter aos catro equipos que faltan de Primeira Nacional, e o representante do Balonmán Porriño propón que se realice unha modificación, que os catro primeiros pasen a primeira rolda exentos e se inclúan os doce equipos de nacional; o representante do Balonmán Cañiza tamén apoia a modificación. Dende a FGBm comentan que ese cambio adiantaría o comezo da competición, que se daría máis ou menos un abanico de 10 días para disputar dous partidos; dende o Balonmán Lalín comentan que a súa idea era non comezar a pretempada ata o 18 de agosto aproximadamente e que a modificación lles pode afectar. Finalmente, dende a Federación Galega de Balonmán modifícase a proposta coas ideas aportadas polas Escolas de Balonmán Xiria, o Balonmán Porriño e o Balonmán Cañiza.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 29 votos a favor e 1 abstención.

PROPOSTA 2.3: Copa Galicia Feminina.

O presidente explica o formato, non hai preguntas e sométese a votación.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 30 votos a favor e 1 abstencións.

PROPOSTA 2.4: Copa Galicia Categorías Base.

Coméntase que a experiencia do ano anterior non foi boa, por mor dos cambios xeracionais e polo movemento de xogadores/as a outros clubs, por iso considerase que coa disputa da Fase de Clasificación debería ser suficiente. Ninguén realiza preguntas e sométese a votación a proposta.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 29 votos a favor e 1 abstención.

PROPOSTA 2.5: 2ª Autonómica Masculina.

Bruno López aclara que a proposta estaba asinada polo Arteixo Balonmán en lugar do ADC Descubriendo Lugo, que houbo un erro na transcripción do guión que se enviou aos asembleístas para facilitar o seguimento da asemblea; o presidente comenta tamén que a idea de proximidade xeográfica está clara pero que tal e como está redactada a proposta tan só é válida en caso de que os equipos que saian a competir sexan os que aí figuran escritos e que parece que algún xa non vai coincidir porque por exemplo o Club Bm. Xallas transmitiu que case con total probabilidade non sairán a competir. O CP Lucense defende a proposta e dubida que facer coa redacción, xa que piden proximidade pero non saben como resolver o feito de que ao mellor a distribución dos equipos no que eles entenden coma “norte” e “sur” non coincida co reflectido na proposta. Bruno López aclara que si figura expresamente “proximidade” xeográfica o que se fará será calcular quilómetros e distribuír os grupos en función da distancia real, e o que se está plantexando, nalgún caso non coincide coa distancia real se non cunha distancia perceptiva, xa que Lugo queda máis preto de Lalín que de Santa Comba e a proposta da a entender algo diferente.

Jairo Bello intervén para dicir que o que se busca é que coma noutras modalidades, facer a competición por proximidade na medida do posible, e o representante de Balonmán Cañiza comenta que si hai uns minutos estabamos a dicir que a Primeira Nacional era nacional, a 2ª Autonómica debería ser autonómica, que non podemos andar con estas cousas en categorías sénior.

Bruno López comenta a preocupación de que se volva a falar de norte e sur, ten a sensación de que estamos a volver anos atrás, que cunha proposta inicial de grupos polo que eles/as definen coma “proximidade” e cos cruces posteriores, os desprazamentos son os mesmos que realizando unha liga equilibrada cun sorteo dirixido co reparto dos equipos por provincias. Pregunta ao CP Lucense que si se vota a prosta e a resposta é afirmativa, polo tanto pasase á votación da proposta.

Queda rexeitada por 17 votos en contra, 7 votos a favor e 6 abstencións.

PROPOSTA 2.6: Ligas Prata.

A representante do Balonmán Atlántico defende a proposta deixando claro que o ano pasado na categoría cadete ou xuvenil non se realizaron os grupos por proximidade, que buscan que se faga por proximidade e casando todas as categorías: xuvenil, cadete e infantil.

Bruno López comenta que casar todas as categorías non é posible porque depende dos equipos que non ascendan a Liga Ouro nos Play Off, e no caso do ano pasado había clubs con dous equipos que preferían non xogar entre eles e desprazarse cos dous aos mesmos lugares ou a lugares próximos; que o que se busca é minorar custes pero sen sacrificar o proposta deportiva, que tamén debe ser interesante, e debe haber un equilibrio, e que iso é o que se está a facer; o responsable de competicións da FGBM, Anxo Otero, intervén e di que as Ligas Prata sempre se tratan de facer por proximidade pero mantendo certo atractivo na competición xa que o que están a pedir non pode ser tan pechado, xa que hai moitas casuísticas que a proposta non contempla e que impiden a súa aplicación.

A responsable do Balonmán Atlántico insiste en que se debe cumprir a premisa de proximidade, e o responsable do Balonmán Ribadosar pregunta si esta cuestión non está escrita. Bruno López responde que non se pode escribir “por proximidade única e exclusivamente” porque se daría un paso atrás enorme en moitos aspectos, que por exemplo un dos clubs da proposta lle comentou a un pai que chamase á federación todos os días para falar co presidente e cuestionar os grupos de infantil feminino da tempada 23-24, esta persoa incluso ameazou con sacar o caso na Voz de Galicia; Bruno López invita á reflexión sobre esta cuestión, por suposto indica que na federación o atenderon ben pero que non ten que falar o presidente con ningún pai para explicar acordos de asemblea; nese caso a opción era competir dentro da provincia con 3 equipos ou realizar grupos compensados en toda a comunidade sendo o desprazamento máis longo a Poio. Procédese á votación da proposta:

Queda rexeitada por 17 votos en contra, 5 votos a favor e 7 abstencións.

PROPOSTA 3.1: Modificación artigo 7.3 (actualizar sancións acorde ao R.R.D.-GA).

Explícase a proposta e a intencionalidade da mesma, non hai preguntas e procedese á votación:

Queda aprobada por 1 votos en contra, 24 votos a favor e 4 abstencións.

PROPOSTA 3.2: Modificación artigo 19 (Horarios unificados sénior masculina)

Bruno López comenta que a intención é que non coincida a final da Final 4 cadete coa xornada final das categorías sénior masculinas. Procedese á votación:

Queda aprobada por 0 votos en contra, 29 votos a favor e 0 abstencións.

Bruno López expón a proposta número 2.3 e ante a ausencia de preguntas procede á votación:

PROPOSTA 3.3: Modificación artigo 24 d) (Cambio de equipo por parte de xogadores/as).

Queda aprobada por 0 votos en contra, 30 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 3.4: Modificación Artigo 24 punto 6 (Aliñación con baixa médica).

Bruno López expón a proposta número 2.4 e ante a ausencia de preguntas procede á votación:

Queda aprobada por 0 votos en contra, 31 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 3.5: Modificación Artigo 26 e 32 (Titulación adestrador/a en infantís).

Bruno López expón a proposta número 3.5 e a representante do Seis do Nadal pregunta si sen as prácticas se podería e Bruno López comenta que si, sempre e cando se superase o curso; o representante da S.D. Teucro comenta que a titulación se ten so se realizan as prácticas...; Bruno López comenta que se permitirá habilitar unha tempada á persoa que aprobe o curso e teña pendente as prácticas, que é algo que se viña facendo porque xa é unha maneira de realizar as propias prácticas, que si ao ano seguinte non as ten xustificadas, non poderá exercer. O Balonmán Lalín di que isto complica aínda máis a vida aos clubs e os representantes da U.B. Lavadores e do Bueu Atl. Bm . comentan que nos seus clubs apostaron pola formación da súa xente e que a experiencia está a ser moi boa, que deberíamos autoesixirnos máis neste aspecto. Ante a ausencia de máis cuestións que tratar, procedese á votación:

Queda aprobada por 1 votos en contra, 30 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 3.6: Modificación Artigo 37 (Cota Adicional).

Bruno López expón a proposta número 3.6 e comenta que tal e coma estaba redactada provocaba un baleiro na normativa; ante a ausencia de preguntas procede á votación:

Queda aprobada por 0 votos en contra, 29 votos a favor e 2 abstencións.

PROPOSTA 3.7: Modificación Artigo 42 (Tarifas Arbitrais).

O Presidente expón a proposta número 3.7 e comenta que a idea é igualar os fondos masculinos e femininos en categoría sénior tal e coma se quedou na asemblea de 2022, habendo así aínda unha diferenza de 63€ na Primeira Autonómica. O representante da U.B. Lavadores comenta que non pode votar a favor porque é partidario de realizar unha igualdade xa en ambas categorías, e Bruno López comenta que facelo de golpe suporía un incremento importante para os equipos de 1ª Autonómica e que deste xeito serán

menos de 150€ ao ano, que se compromete a estudar de cara á seguinte asemblea a equiparación dos mesmos incluso si é posible baixando o de 1ª Autonómica Masculina, pero que non sabe si será posible facelo. A representante do Seis do Nadal pregunta porqué se paga o mesmo cando hai un árbitro que cando hai dous e o presidente responde que sempre se intentan enviar dous árbitros, pero non sempre é posible, pero que de todos xeitos o que se paga é un fondo que nalgún caso non cubre nin os custes dun só árbitro/a dependendo dende onde viaxe, que para solucionar iso posiblemente haxa que realizar un estudo máis amplo das posibilidades de axuste e ter moito máis volume no colectivo, e non é doado coa presión á que están sometidos/as os/as árbitros que empezan. O representante da S.D. Teucro di que moitos árbitros/as non saben o regulamento e contestan mal, e Bruno López responde que iso pasa, seguro, pero que o non saber o regulamento ou non saber aplicalo nun entorno hostil e de presión como ao que moitas veces están sometidos/as non xustifica que todo o mundo xuzgue a súa labor.

Pablo Barreiro (estamento arbitral) comenta que en certas categorías todo o mundo está en formación e non se asume que o colectivo arbitral tamén. O representante do Balonmán Robadosar di que temos que cambiar esta circunstancia entre todos/as porque normalizamos cuestións respecto ás críticas ou valoracións ao colectivo que provocan todo o que está a pasar. Bruno López insiste en que os árbitros/as que comezan deben ter apoio, e quen non estea disposto a sumar o mellor que pode facer é non restar; non todo o mundo está capacitado para valorar unha actuación arbitral igual que non todo o mundo o está para facer o propio con xogadores/as e adestradores. Bruno López invita a seguir co debate na quenda de rogos e preguntas e somete a proposta a votación:

Queda aprobada por 1 votos en contra, 28 votos a favor e 1 abstencións.

PROPOSTA 3.8: Modificación Artigo 53 b) (Gravación de vídeos).

Bruno López expón a proposta número 3.8, o representante do ADC Descubriendo Lugo pide aclaración sobre as Ligas Prata e o presidente aclara que nesas categorías tan só aplica no caso dos Play Off e Eliminatorias pola Final 4, pero que é recomendable gravar sempre; e ante a ausencia de máis preguntas procede á votación:

Queda aprobada por 0 votos en contra, 29 votos a favor e 1 abstencións.

PROPOSTA 3.9: Modificación Artigo 50 (Indumentaria equipos).

Bruno López expón a proposta número 3.9 e o representante do Bm. Tui di que non lle queda claro cantos uniformes debería ter para non coincidir con ninguén, o representante do Balonmán Porriño aclara que en nacional o staff si pode coincidir co seu equipo, que iso complica un pouco todo; Bruno López matiza a proposta e di que o staff non poderá coincidir co equipo contrario, que se adaptará a redacción. Deste xeito, procédese á votación da proposta:

Queda aprobada por 1 votos en contra, 29 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 3.10: Modificación Artigo 21 (Comunicación aprazamentos).

A representante do Balonmán Atlántico expón a proposta que comenta que non se pode solicitar un aprazamento coa antelación que marca a normativa vixente porque aínda non se coñecen os horarios dos partidos ata o luns ás 20:00 horas, e que si alguén quere aprazar un encontro porque lle coincide mal non ten opción de non aboar os 30€ de taxa.

Bruno López comenta que coa proposta tampouco se cambia esa circunstancia porque tal e coma marca o redactado, poderíanse pedir aprazamentos ata o luns ás 9:30 horas, cando o prazo para poñer os horarios segundo as circulares enviadas é posterior (Luns ás 20:00 horas), e que ese prazo é imposible de mover porque os clubs non dispoñen de instalacións propias e non poden xestionar os horarios ao seu antoxo. O representante do Balonmán Porriño comentou que a norma era para causas de forza maior, e que “os horarios non coincidan ben” non parece que sexa causa para un aprazamento. A representante do Balonmán Chapela comentou que ela tivo varios aprazamentos e coa debida xustificación (informes médicos, etc...) non tivo ningún problema. A representante do Balonmán Atlántico insiste en que así é moi complicado coordinar aos adestradores/as. A representante do U.B. Bm. Chapela toma a palabra e no medio da intervención prodúcese unha discusión paralela entre a representante do Balonmán Atlántico e o Balonmán Porriño; a representante do Balonmán Atlántico decide saír do salón por uns minutos. Procédese así á votación:

Queda rexeitada por 22 votos en contra, 5 votos a favor e 4 abstencións.

PROPOSTA 3.11: Modificación Artigo 24 (Nº Mínimo xogadores/as por encontro).

Bruno López pregunta quen defenderá a seguinte proposta e Jairo Bello di que él, pero antes pregunta si se vai a tomar algún tipo de medida ante o que acaba de ocorrer. O presidente comenta que non é consciente do que ocorreu, que percibiu unha discusión paralela á intervención que se estaba levando a cabo na asemblea pero ao estar atendendo á intervención non puido escoitar nada, que si quere aclaralo non hai problema pero que non sabe que medidas pode tomar porque non escoitou nada, que o mellor é que todos respectemos a quenda de palabra dos demais así todos nos enteramos todos/as de todo porque iso pode ser considerado tamén unha falla de respecto. Jairo Bello insiste en que lle pareceu grave o ocorrido; o representante da U.B. Lavadores di que o que escoitou non lle pareceu grave, pero que si el considera que é así que non tire a pedra e esconda a man, que explique exactamente o que pasou e o que se dixo para que a asemblea poida valorar a gravidade dos feitos. Jairo Bello desiste de realizar ningún tipo de aclaración e procede a defender a proposta, explicando que cre que en Liga Prata o número mínimo de xogadores/as por encontro debe ser de oito.

Bruno López aclara que hai unha experiencia previa na pandemia e que saíu realmente mal, que lle choca esta proposta coa seguinte, xa que parece que tratamos de regular segundo as necesidades de cada club e iso non debería ser así; as Ligas Prata teñen acceso a Liga Ouro e a sectores nacionais. O representante do Bueu Atl. Bm. Intervén e di que para paliar ese posible problema que argumentan o ano pasado xa se aprobou unha proposta de equipos vinculados que tan só se aplicou nun caso moi concreto e que non supoñía un beneficio para o balonmán galego, se non para unha casuística moi concreta. Sométese a votación a proposta.

Queda rexeitada por 12 votos en contra, 11 votos a favor e 6 abstencións. Esta votación resolveuse co voto de calidade do presidente por haber un empate a 11 votos entre os votos a favor e en contra.

PROPOSTA 3.12: Modificación Artigo 37 (Número máximo de xogadores/as por encontro).

Jairo Bello expón a proposta e dende o CP Lucense se reforzan os argumentos, dende a federación transmítese que vinte e cinco xogadores/as supón un impedimento a nivel informático, que non saben se iso será posible, e que supón un problema para a normativa nacional, que o lóxico con ese número sería facer dous equipos tirando do cupo adicional. O representante do Balonmán Ribadosar insiste en que o lóxico por proporcionalidade sería que si o mínimo para facer un equipo é de 12 xogadores/as o máximo por equipo sexa de 24, Bruno López di que en todo caso serían 23, pero que tan só poden participar 16, iso vai en contra da promoción e desfrute do balonmán e dos propios xogadores/as. A representante do Balonmán Caselas comenta que non lle parece ben completar os equipos co cupo adicional, que debe haber garantías de presentarse co cupo principal. O presidente di que vai todo unido, pero que a realidade moitas veces non é tan sinxela, que o interesante é que haxa cantos máis equipos mellor dentro do sentido común, que a federación é flexible co número mínimo sempre e cando haxa garantías coa estrutura e número de equipos do club, que no hai afán recaudatorio por parte do Comité Territorial de Competición neste aspecto, e que se valora a intención de participar, que si algún equipo non pode cumprir co mínimo de xogadores/as e o razoa por escrito antes de que se reúna o comité, non se soe sancionar; varios clubs da sala confirman este feito. O representante do Club Cisne di que el descoñecía esta circunstancia e que lle sancionaron; o presidente di que tratarán de informar mediante unha circular pero o que non van a aceptar é que os equipos vaian de maneira regular con menos de 7 xogadores/as e lle quiten valor á competición, ten que haber sentido común. O representante do Balonmán Ribadosar insiste en que 18 non ten sentido, debería ser mínimo 24, o CP Lucense decide cambiar a proposta e establecer o máximo en 20 xogadores/as. Sométese a votación

Queda rexeitada por 15 votos en contra, 7 votos a favor e 8 abstencións.

PROPOSTA 3.13: Aprobación, se procede do calendario deportivo.

O presidente explica que o calendario pode sufrir algunha modificación, unha data arriba unha data abaixo en función de como quede o calendario de Asobal ou do número de equipos en ligas sénior e Prata. Preséntanse tres opcións dependendo das diferentes casuísticas; sométese a votación:

Queda aprobada por 0 votos en contra, 28 votos a favor e 1 abstencións.

Unha vez rematadas as votacións das propostas na quenda de rogos e preguntas comenta:

ROGOS E PREGUNTAS:

- SEGURO DEPORTIVO OBRIGATORIO: Bruno López comenta que a oferta de renovación da compañía actual é dunha suba a perdas para a compañía dun 25%, e é o mellor que atopa no mercado. A sinistralidade baixou e o traballo de Itegra foi moi bo en canto á redución das urxencias, comenta que hai que traballar na estabilidade da póliza para evitar os problemas coas preexistencias. Este ano houbo moitas roturas de plastias operadas na mesma zona xeográfica en períodos de tempo realmente alarmantes, pero séguese percibindo que os/as federadas non coñecen ben o funcionamento do seguro, algúns clubs van a unha Final 4 sen coñecer nin o teléfono ao que hai que chamar en caso de urxencia, e esa persoa é a que reacciona en moitos casos mal ás incidencias que ocorren. Por outra banda hai sinistros que aínda que se están a pelexar, a xente debe entender que non teñen un seguro de saúde, que é un seguro deportivo e que as coberturas non poden darse en calquera ámbito (fóra do deportivo) nin nos tempos que nos gustarían, xa que hai casos nos que se dilatan para non influír en viaxes, plans de tempo libre, etc...

A federación vai intentar que a suba afecte o menos posible ás categorías nacionais, pero en xuvenís, autonómica e colectivo arbitral vai costar moito, xa que a sinistralidade dos árbitros/as foi alarmante, sobre todo ao remate da tempada de nacional.

O representante do Balonmán Reconquista e da U.B. Lavadores apoian a idea de que a compañía permita pagar o seguro fraccionado, e dende a federación din que ese non é o problema, xa que hai malas experiencias coas facilidades de pago a clubs neste sentido. Bruno López insiste en que é preferible pedir flexibilidade (tempo razoable) para pagar o seguro que non asegurar aos xogadores/as, que dende a federación se pode estudar cada caso e despois decidir si é asumible ou non, xa que saben que en agosto aínda non se xeraron moitos ingresos, pero que non poden dar unha flexibilidade por escrito e xenérica porque habería casos nos que a metade de tempada se deixaría de pagar e poríase en perigo o futuro da federación.

- **RECOÑECIMENTOS MÉDICOS:** Na vindeira semana se enviará a circular relativa aos recoñecementos médicos na tempada 2024-2025, e a federación seguirá a dar o mesmo servizo ca outros anos, que por favor os clubs que non teñan outra opción faga uso do servizo e que o comuniquen canto antes.
- **LEI DE PROTECCIÓN DOS MENORES E ADOLESCENTES (LOPIVI):** Bruno López comentou que se están a facer charlas formativas neste ámbito e que isto vai a supor unha gran responsabilidade para unha persoa do club, cre que é algo que se debe debatir noutros foros pero que considera que ten lagunas importantes na viabilidade de aplicación dentro das estruturas actuais e co panorama que engloba a xestión das familias en moitos casos.
- **VIOLENCIA NAS GRADAS:** Bruno López comenta que moitos clubs transmitiron a súa preocupación polo que está a ocorrer nas gradas e nas redes sociais cos pais e nais dos/as deportistas, que a realidade é que a situación é moi preocupante e que dende a federación incluso se plantexaron quitar as eliminatorias das competicións nestas idades, pero que consideran que o que fai falla é educar deportivamente ás familias e a competición e a formación d deportistas non se pode ver condicionada porque a xente non se comporte adecuadamente. Dende o Balonmán Ribadosar e dende a U.B. Lavadores din que a LOPIVI é consecuencia de todo o que se está a vivir coas familias, que agora mesmo hai un problema real. O presidente di que a medida de sancionar ao club, ademais de ser inxusta é ineficiente porque os clubs carecen legalmente de ferramentas que lle permitan erradicar eses comportamentos sen actuar ao marxe da lei. A representante do Balonmán Moaña e o representante da S.D. Teucro plantexan crear unha comisión para establecer iniciativas que conciencien á nosa masa social; o representante do Club Cisne di que recolle a inquedanza e que os clubs teñen que transmitir esta preocupación nas reunións de pais/nais.
- **BALONMÁN VETERÁN:** Estase a traballar na creación do Campionato de España de veteranos/as por parte da RFEBM; dende a FGBm estase intentando crear un circuíto con equipos doutras comunidades pero temos que facer que entendan a importancia do seguro deportivo obrigatorio, que lles cubrirá en adestramentos e partidos. Deste xeito recuperaremos a xente para botar unha man nos clubs e axudar a seguir promocionando o noso deporte.
- **PROXECTO DIXITALIZACIÓN DE VÍDEO:** Estase a traballar con varias empresas nun proxecto para a instalación de cámaras de intelixencia artificial nos pavillóns das categorías de Primeira Nacional, Sénior Autonómicas e categorías xuvenís Liga Ouro. Hai varias opcións enriba da mesa e espérase pechar o

acordo durante o mes de xullo. O presidente do Balonmán Reconquista comentou a súa experiencia e di os inconvenientes cos que nos podemos atopar á hora de executar o proxecto. Bruno López agradece as aclaracións e di que tratarán de solventar os problemas que poidan xurdir.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 20:38 horas, agradecendo de novo o Presidente a asistencia dos/as asembleístas


Asdo:

O Presidente:

A Secretaria Xeral:



Don Bruno López Molina



Dona Carla Abad Alonso

En Vigo a 28 de xuño de 2024